

# CARLOS DEL ALAMO

## CONSELLEIRO DE MEDIOAMBIENTE

Paula Castro/Cerna Fotografías: Xan G. Muras

**MÁLIA A OPOSICIÓN SOCIAL QUE SUSCITOU O PLANO DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS, O PP ANUNCIÓU, TRAS RENOVAR A MAIORIA NAS PASADAS ELEIÇÕES E FORMAR GOVERNO, A SUA INMEDIATA APLICACIÓN. PARA MINIMIZAR ESA OPOSICIÓN E DEMONSTRAR O SEU INTERESE POR ARTELLAR POLÍTICAS ECOLÓXICAS APRESENTOU COMO PRINCIPAL NOVIDADE, LOGO DE TRES LEXISLATURAS, A CRIACIÓN DA CONSELLARIA DE MEDIOAMBIENTE. O SEU PRÓPRIO TITULAR, CARLOS DEL ALAMO, SUBLIÑA APOSTA EN MARCHA DESTA PLANO APOIADO POR FENOSA, E O APRESENTA COMO O MÁIS VIÁBEL, DO PONTO DE VISTA ECONÓMICO E ECOLÓXICO. SEGUNDO O CONSELLEIRO, AS ORGANIZACIÓNS ECOLOXISTAS SON UN MOVIMENTO IMPORTANTE QUE PODEN DEFENDER PONTOS DE VISTA DISTINTOS, PERO QUEN TEN A LEXITIMIDADE PARA APLICAR AS POLÍTICAS MEDIOAMBIENTAIS É O GOVERNO REFRENDADO POLAS URNAS.**

**C. En que situación, en referencia aos países do seu entorno, está Galiza en materia de protección medioambiental?**

C.A. *Do punto de vista das medidas, estamos nunha situación equiparábel á do resto dos países da Unión Europea, porque é o mesmo marco xurídico. Dentro do estado español temos unha situación básica semellante para todas as comunidades autónomas e no entorno propio da nosa comunidade contamos con lexislación dabondo pero necesitada de desenvolvemento e contido. Temos unha Lei de Protección Medioambiental, de Resíduos Sólidos Urbanos, de protección contra da Contaminación Acústica, de Caza, de Pesca Fluvial, de Montes Viciñais en Mancomún. É necesario adaptarse aos tempo, precisamos ter unha Lei de Montes de protección forestal e unha lei nova sobre a preservación da natureza.*

**C. Xulga importante a creación desta consellaría para mellorar a xestión ambiental ou había outras alternativas igualmente válidas?**

C.A. *A situación anterior era un modelo baseado na coordinación, através da Comisión Galega de Medioambiente e das comisións provinciais de medioambiente. O modelo actual é un modelo de integración das competencias ambientais agás no caso das augas que están no organismo autónomo Augas de Galiza. O que pretendemos é que se teña en conta a consideración ambiental na toma de decisións sectoriais igual que se teñen en conta os aspectos laborais, os aspectos de seguridade ou os aspectos técnicos. Avanzouse moito co procedemento de avaliación do impacto ambiental, que prevé, para determinados proxectos e actividades, a avaliación de prevención*



*dos riscos ou a adopción de medidas preventivas para tratar de diminuir os danos sobre medioambiente.*

**C. Cal é a súa diagnose dos principais problemas ambientais do noso país?**

C.A. *O principal é o tema dos residuos sólidos. Están espallados nos vertedoiros, moitísimos deles incontrolados, pola nosa terra, e esa é unha cuestión que temos que modificar. Témolos que ordear e acadar procedementos de recollida e de tratamento do lixo respetuosos co medioambiente e coa saúde.*

**C. Non coincide logo, coa visión dos ecoloxistas e colectivos afectados, que dan prioridade á loita contra a incineración, a construción de novos encoros, a choiva aceda, a eucaliptización, a contaminación en Touro e noutras áreas, as liñas de alta tensión...?**

C.A. *Estamos en sociedades abertas e democráticas e cada un é libre de expresar as súas opinións. Iso é consubstancial ao estado de dereito. Entendo as súas denuncias porque hai decisións que non teñen porqué satisfacer a todos. O movemento ecoloxista é un movemento importante porque*

*representa unha forma de defensa do medioambiente, pero non pode enfrontarse coa lexitimidade dun poder político establecido através das eleccións por uns procedementos tamén democráticos, para tomar unhas decisións que veñen reflectidas no seu programa de goberno.*

**C. O déficit de materia orgánica no solo pode converter-se nun problema ambiental no futuro inmediato. Porqué a Xunta segue desbotando a elaboración de compost?**

C.A. *Hai que decidir sistemas viábeis. Na Galiza podemos ter carencias de moitos tipos, pero a materia orgánica probablemente non sexa a máis importante. Mesmo temos un problema cos puríns e cos residuos orgánicos das explotacións gadeiras importantísimo que tamén entraría probablemente un conflito co compost do lixo dos residuos urbanos. A propia composición do compost do lixo urbano é moi distinta á composición do compost orgánico que proveña das explotacións gadeiras. Se toda Galiza optara pola compostaxe o problema sería moito maior porque a cantidade de compost que estaría a xerar o conxunto da sociedade sería inasumíbel, teríamos vertedoiros de compost e vertedoiros do resto do lixo. O aproveitamento e a valorización enerxética do lixo ten as vantaxes de que está a producir un ben escaso como é a enerxía. Ninguén está a falar de queimar como están agora a queimarse os vertedoiros de forma incontrolada, senón coas tecnoloxías avanzadas que existen, polo que non supón ningún tipo de risco.*

**C. Hai concellos e mancomunidades que optaron por procedementos de tratamento de lixo alternativos,**

**cal vai ser a actitude da administración de cara a eles, recibirán axudas?**

C.A. A competencia para a recollida do lixo é dos concellos que son moi libres de decidir que procedemento queren, pero ten un custe que van ter que pagar e tamén os cidadáns a través das taxas do lixo. A Xunta o que fixo foi artellar un procedemento global e non local, que foi sempre a solución que se empregou na maior parte do estado español. Á UE parecélle moi acertada esta solución global para aplicala tamén en outras rexións. A Xunta, cando decide este procedemento é para axudar e complementar a tarefa e a responsabilidade dos concellos. Poderíamos chegar a unha situación na que cada concello deseñara un procedemento e solicitara unha axuda o que carecería dun principio de economía, de equidade e mesmo de solidariedade. Hai outras alternativas que non teñen plasmadas medidas concretas e que non aclararon como van sacar adiante o produto final. Non podemos montar fábricas de produtos que logo non teñan asegurado un mercado.

**C. Os colectivos ecoloxistas demandan un maior apoio da administración no desenvolvemento do seu labor: apoio a proxectos ecolóxicos, participación real en órganos colectivos, tramitación de denuncias... Habrá cambios nestes eidos?**

C.A. Cando falamos de asociacións ecoloxistas estamos a falar de asociacións moi distintas, tanto na súa composición como na súa estrutura e participación social. Hai unha variedade enorme e tampouco se poden confundir asociacións serias, rigorosas, con asociacións de afeizoados que poden ser moi voluntariosos pero que din cousas que non teñen base técnica nen científica. A Xunta, dentro deste desenvolvemento regulamentario criou o Consello Galego de Medioambiente, que é un órgano de participación social de todos os sectores socio-económicos en materia ambiental. Aí están representadas as principais asociacións ecolóxicas de Galiza. A propia consella-

ria de Medioambiente ten o que son as inspeccións ambientais e aí volvemos traballar conxuntamente cos grupos ecoloxistas porque moitas veces eles



fan denuncias e presentan feitos e traballos que efectivamente poñen en evidencia cuestións de infraccións ambientais que despois precisan dun expediente. Dese punto de vista, a súa colaboración é moi necesaria, pero sempre con base técnica, científica ou profesional.

**C. Conservaremos o Xistral ou habrá parques eólicos sobre as turbeiras?**

C.A. O proceso está nestes intreos, precisamente acomodándose a dúas cuestións que son moi importantes, ás enerxías alternativas, as enerxías limpas e á propia conservación. Estamos cos estudos que fixo a universidade de Santiago avaliando coa consellaría de Industria e Comercio a ubicación selectiva dos posibles aerogeneradores. Temos que compatibilizar a conservación da natureza e o desenvolvemento económico.

**C. Fenosa, con respecto a Sogama, tira máis pola viabilidade que polo respecto ao medioambiente?**

C.A. Unión Fenosa é sócio tecnolóxico da Xunta de Galiza e está no mesmo proxecto da administración para sacar adiante unha solución ao problema dos residuos a través da valorización enerxética. Hoxe todas as grandes empresas, se queren estar no mercado teñen que ser respectuosas co medioambiente. Nos criamos o Centro de Información de Tecnoloxía Ambiental da Dirección Xeral para informar e apoiar ás propias empresas sobre as tecnoloxías máis limpas e para normativizar toda a calidade ambiental nos procesos industriais. Se non se adoptan estas medidas cada vez vai ser máis difícil ser competitivos, ter unha economía saneada e poder estar en competencia con industrias de outros países que si que están nesa liña. No marco da UE ten que haber unha converxencia económica pero tamén unha converxencia ambiental.

**C. Adoptarán-se medidas con respecto á choiva aceda provocada polas centrais térmicas?**

C.A. A todos preocúpanos a choiva aceda, o cambio climático o efecto invernadoiro e o que está a pasar coa atmosfera. Na Galiza temos focos de emisión á atmosfera, pero coido que agora están a cumprir efectivamente os requisitos ambientais. En todo caso estaremos seguindo moi de perto o que son os posibles efectos desta contaminación e naturalmente da choiva aceda. Dicer que Galiza ou algún lugar de Galiza é o punto do estado de maior contaminación por choiva aceda non é así nen moito menos. Os ventos e correntes atmosféricas desprazan todas estas emisións, reducindo o risco.

**C. Van-se retirar as subvencións ás repovoacións con eucaliptos?**

C.A. No ano 90, cando era Director Xeral de Montes e Medioambiente Natural, anulamos as subvencións ao eucalipto e propiciamos a subvención até o 90% para as frondosas autóctonas. Temos que ter en conta que o 95% da superficie forestal de Galiza é de propiedade particular e son os propietarios particulares, ben como propietarios en sentido estrito ou ben como unidades veciñais que funcionan como entes privados, os que deciden ao final o que poñen. Agora subvenciónase moito menos o eucalipto que as especies autóctonas pero sen embargo, teñen moita máis demanda as especies que proporcionan maiores beneficios económicos. Non é simplemente un problema de subvencións, na Galiza existe unha industria forestal e desta materia prima hai un mercado natural.

**C. Para realizar o estudo de impacto ambiental do encoro do Úmia copiou-se o estudo feito para outro encoro, outro río e outro país. Coa creación da consellaría van-se tomar máis en serio estes estudos?**

C.A. Non sei exactamente, estaba en Madrid destinado daquela, pero penso que a avaliación do impacto ambiental do encoro do Úmia tería en conta as características do río, do seu entorno natural, socio-económico e demais. Non teño desde logo información de que fôr feita para un sitio distinto. O estudo de impacto que fixera a Dirección Xeral de Montes e Medioambiente Natural aseguro que foi sobre o río Umia e o seu entorno. Non sería posible facer unha valoración de impacto nun río de outro sitio distinto.